

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

Expediente: 46469-220

2ª FASE OEP 2020-2021-2022

Asunto: Modificación de órganos de selección por causas persoais xustificadas.

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/08/2025, tivo lugar a aprobación de listas de persoas admitidas e excluídas provisionalmente, designación de órganos de selección, datas e lugares do primeiro exercicio da 2ª Fase da OEP 2020-2021-2022, acordo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 18/08/2025.

II.- Por resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2025, tivo lugar a aprobación definitiva das listas (agás auxiliar de administración xeral quenda libre e diversidade funcional, que tivo lugar por resolución de 15/10/2025) coa modificación de algún dos órganos de selección nomeados por causas xustificadas de abstención/recusación/renuncia.

III.- Con posterioridade, constan presentados escritos de renuncia por motivos persoais xustificados, por parte dos seguintes membros que foran nomeados nos seguintes órganos de selección:

-María del Carmen Codesido Fuciños, documento 250264443, renuncia no órgano de selección de administrativo/a administración xeral (vogalía terceira).

-Jorge Muñoz Rama, documento 250266982, renuncia no órgano de selección de sarxento/a extinción de incendios (vogalía primeira).

-Olga Román Celada, documento 250273241, renuncia no órgano de selección de Técnico/a de xestión (presidencia suplente) e Diplomado/a en Traballo Social (presidencia suplente).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.”

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

a) O persoal de elección ou de designación política.

b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.



Copia do documento - Concello de Vigo

46469-220

Data impresión: 21/10/2025 11:44

Páxina 1 de 4

CSV: A6A9D5-26ACD1-BE31D4-2WR6XA-QPDV63-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

c) O persoal eventual.

d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ningún.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos."

De conformidade coas bases da convocatoria, ao abeiro do disposto no I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo, en sesión de data 15 de setembro de 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro de 2021) a composición dos órganos de selección de persoal responderá ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, sempre que iso non implique vulnerar os principios de profesionalidade e especialización das persoas que os integran, con especial incidencia nos seus cargos máis representativos entendendo por equilibrio unha representación non menor dun 50% para calquera dos dous sexos, salvo nos casos nos casos onde non sexa posible atopar esa porcentaxe entre as persoas co perfil preciso para formar parte dese tribunal ou comisión.

III.- O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

A súa composición será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.

No presente suposto, unha vez aceptada a renuncia dos interesados por causa xustificada, propónse o seguinte nomeamento:

-ADMINISTRATIVA/O ADMINISTRACIÓN XERAL

-Vogalía terceira: Daniel Amor Carnero, administrativo de administración xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

-SARXENTO/A EXTINCIÓN DE INCENDIOS:

-Vogalía primeira: Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo
46469-220

Data impresión: 21/10/2025 11:44 | Páxina 2 de 4
CSV: A6A9D5-26ACD1-BE31D4-2WR6XA-QPDV63-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

TÉCNICO/A DE XESTIÓN

Presidencia suplente: María José Loureiro Bada, técnica de administración xeral, xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL

Presidencia suplente: Paloma Lobato Antón, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.

RÉXIME COMPETENCIAL

Vistas as competencias delegadas na Sra. Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/04/2024, e acordo da Xunta de Goberno Local e 26/09/2025 en materia de recursos humanos, e de 08/08/2025 de delegación expresa para a 2ª Fase da OEP 2020-2021-2022, de conformidade coa motivación que antecede.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia dos interesados María del Carmen Codesido Fuciños, Jorge Muñoz Rama e Olga Román Celada a formar parte, por motivos persoais xustificados, dos órganos de selección da 2ª Fase da Oferta de emprego público 2020-2021-2022 para os que foran nomeados, e conforme aos fundamentos xurídicos expostos, proceder aos seguintes nomeamentos:

-ADMINISTRATIVA/O ADMINISTRACIÓN XERAL

-Vogalía terceira: Daniel Amor Carnero, administrativo de administración xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

-SARXENTO/A EXTINCIÓN DE INCENDIOS:

-Vogalía primeira: Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello de Vigo.

TÉCNICO/A DE XESTIÓN

Presidencia suplente: María José Loureiro Bada, técnica de administración xeral, xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL

Presidencia suplente: Paloma Lobato Antón, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.

-Os novos membros designados están sometidos ás causas de abstención/recusación establecidos expresamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo
46469-220

Data impresión: 21/10/2025 11:44 | Páxina 3 de 4
CSV: A6A9D5-26ACD1-BE31D4-2WR6XA-QPDV63-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

-Os membros designados deberán realizar un curso de igualdade cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria (mínimo de 20 horas de duración e recoñecido pola Administración Pública) debendo acreditarse a súa realización antes da constitución do órgano de selección.

SEGUNDO.- Unha vez constituídos os órganos de selección, no caso de ausencias temporais por parte de algún dos seus membros a algunhas das sesións, estes deberán comunicarllo inmediatamente á presidencia do órgano respectivo para que proceda á convocatoria da persoa suplente que a substitúa.

-Estas ausencias non conlevarán a modificación posterior do órgano nomeado.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución na web municipal do Concello de Vigo para o seu público coñecemento, e notificar aos nomeados e ás presidencias dos órganos de selección afectados pola presente modificación.

Informar que contra a presente resolución poderase interpoñer, sen prexuízo das causas de abstención/recusación, recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso.”

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O técnico de Administración Xeral.- Marcos Viturro Gomez

CONFORME:

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024-. M.ª Olga Alonso Suárez

DECRETO: a vista da proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/04/2024, e acordo da Xunta de Goberno Local de 26/09/2025. Patricia Rodríguez Calviño.

DOU FE, a secretaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2025 11:44	Páxina 4 de 4
46469-220	CSV: A6A9D5-26ACD1-BE31D4-2WR6XA-QPDV63-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		